

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE AER SOBRE O TRABALLO DOS FUNCIONARIOS DE SECRETARIA E MÁIS INTERVENCIÓN, RESPECTO DA PARTICIPACIÓN DOS CONTIDOS DAS BASES DE CONTRATOS, SUBVENCIÓNS E OUTRAS

PLENO 25 OUTUBRO 2012. ACTA 17/2012

Estamos vendo unha demora na publicación de bases obxectivas e axeitadas a cada unha das subvencións do Concello nas súas diferentes áreas. Entendemos que estas deben ser laboradas e consensuadas, tanto cos grupos que forman o Pleno como coas diferentes entidades e/ou asociacións ás que van dirixidas. Exemplos sobrados puxéronse de manifesto na comparecencia das diferentes concellerías solicitadas por AER, nas cales puidemos comprobar como convenios e subvencións estaban sen executar, tendo partida orzamentaria, por non ter elaborado as bases ou convenios respectivos.

Entendemos igualmente que as convocatorias de emprego consecuencia de axudas doutras entidades públicas teñen igualmente que ser áxiles e rápidas, sen esquecer o principio de transparencia e participación.

Consideramos que non é un procedemento adecuado deixar baixo a responsabilidade dos funcionarios de intervención e secretaría a elaboración de tódalas bases referentes ás diversas convocatorias. Cremos que os funcionarios son técnicos das súas áreas, pero non teñen por que selo de cada unha das que nos estamos a referir.

Entendemos que os funcionarios teñen unha misión de asesoramento e supervisión, pero a responsabilidade e o traballo de elaboración de ditas bases correspóndelle aos políticos, así como a labor de consensuar e analizar a problemática de cada unha delas para adecuar as bases á realidade concreta. Cousa pola que ademais reciben un soldo, non por descargar o traballo que lles corresponde a eles sobre os funcionarios.

Polo exposto propoñemos ao pleno do Concello de Redondela o seguinte acordo:

Limitar a participación dos funcionarios a labores de asesoramento e ditame sobre os contidos das bases de contratos, subvencións e outras. Dito asesoramento e ditame refírese tanto á súa legalidade coma á funcionalidade que requiran para a súa labor de rexistro de ditos actos administrativos.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as concelleiros/as, sendo nove votos a favor (8 do PSdeG-PSOE e 1 de A.E.R.), e doce votos en contra (10 do PP e 2 do B.N.G.), rexeitou a Moción do Grupo Municipal de A.E.R., nos antecedentes transcrita.-